



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza.

Código de centro: 15015238

Enderezo web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza/>

Niveis educativos ofertados: Educación Infantil (6 unidades) e Educación Primaria (12+1 unidades).

Alumnado: 415 alumnos/as.

Profesorado: 37 persoas. (8 EI, 13 titores EP, 2 profesores de Ed. Física, 1 profesora de Música, 2 profesoras de PT, 1 profesora da aula específica, 2 profesoras PROA, 1 profesora de AL, 1 orientadora, 3 profesoras de Lingua Inglesa, 1 profesora de relixión,

Persoal non docente (conserxe, persoal de limpeza, coidadoras, cociñeiras...): 13.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Concello de Santa Comba (A Coruña) atópase nunha encrucillada de camiños, no centro dun triángulo que ten os seus vértices en Fisterra, Santiago de Compostela e A Coruña.

- Norte: Coristanco.
- Este: Tordoia e Val do Dubra.
- Sur: A Baña e Negreira
- Oeste: Zas e Mazaricos.

Pertence á comarca de Xallas. Ocupa una extensión de 203 quilómetros cadrados con máis do 97 % do territorio entre os 300 e 500 m., e unha altitude media de 350 m.

A capital municipal, Santa Cataliña de Armada, forma actualmente un núcleo urbano con Santa Comba.

Os habitantes do Concello son, segundo os últimos datos, 9.477, repartidos en 16 parroquias (Alón, Arantón, Bazar, Castriz, Cícere, Esternande, Fontecada, Freixeiro, Grixoa, Mallón, Montouto, Santa Comba, A Pereira, Santa Sabiña, Ser e Vilarnovo). Ten un clima atlántico, moi húmido e con precipitacións abundantes.

É un lugar óptimo para o desenvolvemento de actividades agrícolas e gandeiras. É un dos principais produtores de leite de Galicia e o quinto en número de cabezas de gando vacún. Cabe destacar tamén a importante produción de madeira e o inicio do desenvolvemento da enerxía eólica.

O núcleo urbano, capital do Concello, ten unha intensa actividade comercial. Santa Comba funciona como cabeza da comarca, acoden a facer as compras veciños e veciñas doutros Concellos, Mazaricos, Zas, a Baña, Val do Dubra ou Dumbría. A feira semanal atrae moita xente. En canto ao sector industrial, cabe destacar a importancia da industria láctea e agraria e materiais e equipos para a construción. Antigamente a actividade mineira do Wolframio foi

determinante na economía do concello. Na II Guerra Mundial era a explotación máis importante de Europa, chegando a traballar nela unhas 4000 persoas.

Outro factor que influíu na economía é a alta emigración da súa poboación, ata mediados dos anos 50 a Latinoamérica, en especial a Brasil onde os emigrantes levantaron importantes empresas dedicadas ao sector hoteleiro, tamén a Arxentina, Uruguai e Venezuela. A partires dos anos 50 cambia a emigración a Centroeuropa, a finais da década dos setenta o 60% da poboación activa era emigrante.

Nos últimos anos moitos dos emigrantes retornaron ao Concello, especialmente os que estaban en Europa.

Nestes últimos 10 anos estase apreciando a presenza de inmigrantes que viven no centro urbano maioritariamente polo número de alumnado que se incorpora ao centro. Cada día a diversidade é maior (China, Moldavia, Marrocos, Brasil...).

Actualmente, a alta tecnificación do sector gandeiro, a industria local, as divisas de empresarios e emigrantes retornados converten a Santa Comba no 4º concello de Galicia coa renda per cápita máis alta.

En canto á educación e cultura o concello ten:

- Dous colexios públicos de Educación Infantil e Primaria (o noso e o CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña)
- Un colexio concertado de Infantil e Primaria.(CPR Ntra. Sra. Inmaculada)
- Un Colexio Rural Agrupado.(CRA de Santa Comba)
- Un instituto de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato e Ciclos.(IES Terra de Xallas)
- Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo, Relación con outros Plans e proxectos do centro e traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías.

O noso centro ten xa unha traxectoria marcada no eido da integración das TIC dentro da educación. Pertencemos á rede de centros EDIXGAL, e no centro lévanse a cabo proxectos integrados de innovación educativa facendo un amplo uso das novas tecnoloxías. Durante o curso 2021/2022 leváronse a cabo actividades de robótica para o 2º e 3º ciclo de primaria, organizouse un Plan de formación para o profesorado neste mesmo campo, dando pe á súa integración noutros ámbitos de forma transversal, sendo empregadas as novas tecnoloxías para a realización dun proxecto combinado entre EI e o 2º ciclo de EP, "Os sons dos Castelos", e outro desde a área de música implicando á totalidade do alumnado, "Arrólame paseniño, Arrólame un pouquiño", "DJ Makey" e "Froiteando". Ademais disto, o uso das TIC está moi estendido no centro, empregando distintas ferramentas a todos os niveis: docente (uso de ferramentas dixitais para facilitar a práctica diaria, como vídeos, proxeccións, aplicacións específicas), comunicativo (uso de abalar móbil, aulas virtuais e correos institucionais) e estrutural (sistema de avisos en rede para o centro, dixitalización de parte dos procesos e documentos máis importantes).

Polo tanto, a vinculación do Plan Dixital co día a día do centro emana da propia cultura que está xa implantada no mesmo. De xeito específico, vincúlase co Proxecto Educativo na persecución dun desenvolvemento da competencia dixital do alumnado, así como unha mellora da competencia dixital docente enmarcada nas accións propostas desde o Plan. Así mesmo, desde o Equipo TIC propónse a integración das novas tecnoloxías para mellorar, axilizar e obter

unha maior eficiencia nos procesos e obxectivos recollidos no PEC, tanto a nivel pedagóxico (existindo un obxectivo específico para este apartado) como a nivel institucional e humano.

Finalmente, o Plan Dixital vese, a súa vez, relacionado cos outros plans do centro. O máis directamente implicado é o Plan de introdución das TIC que ten o noso centro, onde o impacto deste Plan Dixital será fundamental para a súa mellora, actualización e enriquecemento. Atópase tamén intimamente vinculado co Plan de Biblioteca, ao adoptar un enfoque de integración entre as tecnoloxías e os quefaceres diarios do centro e dispoñendo da biblioteca como un espazo de traballo e deleite persoal para o alumnado, onde se engloba o uso das TIC para fins como a procura de información, uso de dinamización da lectura (lectura por medio da radio, creación de cartelería) ou como medio de acceso a determinadas fontes. Ao mesmo tempo, a implicación do Plan Dixital nos proxectos de innovación do centro é innegable, ao compoñerse o uso das TIC como unha das principais ferramentas para a súa realización, especialmente tendo en conta a especial vinculación que existe no centro coa formación do profesorado, a integración da robótica curricular e o uso, cada vez máis estendido, das TIC como ferramentas para a mellora na eficiencia dos procesos internos do centro escolar.

En relación coa contribución deste plan coa Programación Xeral Anual do curso 22/23, o mesmo será integrado como eixo transversal para a devandita mellora no funcionamento do centro, procurando así un rendemento superior tanto nos procesos de índole estrutural do centro como na propia práctica docente. Dentro do Plan Dixital contémplanse varias actuacións, como o desenvolvemento de obradoiros e actividades de mellora da competencia docente que permitirán ampliar e reforzar as actuacións propostas nestas liñas dentro da PXA do curso seguinte en relación coa do curso actual. Ao mesmo tempo, ao contar con ferramentas de avaliación específicas para cada unha destas medidas, e sistemas cuantificables de rendemento, será fácil levar a cabo a avaliación do plan e analizar o seu éxito, puntos de mellora e mesmo obxectivos para continuar coa súa integración e mellora nos sucesivos cursos escolares, intentando sempre ampliar o seu impacto nas máximas áreas posibles do quefacer diario do centro e procurando o emprego das TIC como ferramenta que axude, axilice e mellore todos os procesos nos que interveñan, sexan docentes, institucionais, burocráticos ou de calquera outro tipo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a realización deste Plan Dixital, organizouse un equipo conformado pola dirección do centro, o coordinador TIC e a dirección do departamento de orientación, coa máis estreita colaboración do mentor ADIX asignado ao centro docente. A organización xeral estableceuse seguindo as pautas recollidas nas normativas previas, e seguindo os tempos marcados polo Plan de Formación Permanente do Profesorado específico que se levou a cabo para abordar este ámbito.

Deste xeito no primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso. A súa realización axudou a ter unha temporalización organizada.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital**

- A infraestrutura dixital do noso centro conta con conexión cableada é de fibra óptica a 1gb/s. Contamos tamén con conexión sen fíos.
- No que se refire a servizos de voz, dispoñemos de 4 liñas telefónicas no centro: conserxería, secretaría, departamento de orientación e dirección.

- **Equipamentos**

- **Aulas dixitalizadas:** no noso centro todas as aulas contan con pantallas interactivas, se ben algunhas xa non funcionan correctamente sendo adquiridas no seu día grazas a editoriais ou a través de presupostos do propio centro. Ademais o equipo de profesorado pode ser de sobremesa ou portátil pero na súa maioría foron de adquisición propia e están obsoletos en canto a funcionalidade. Ademais todas as aulas de Educación Infantil contan tamén cunha tablet para facilitar a xestión diaria.
- **Proxecto educación dixital EDIXGAL:** como se dixo o noso centro pertence ao proxecto EDIXGAL polo que as aulas de 5º e 6º de EP están totalmentes dixitalizadas. Contamos con 95 portátiles para alumnado dentro desta iniciativa e 16 para o profesorado. Contamos ademais con equipos portátiles de Abalar. O número total ascende a 82 equipos dos cales 18 non están operativos. Este equipamento está moi

obsoleto a nivel de hardware e non sempre resulta operativo para traballar co alumnado.

- **Postos de traballo de xestión e administración do centro:** contamos con dous equipos de sobremesa en secretaría e un impresora láser monocromo, un equipo no despacho de xefatura con impresora láser multifunción, outro máis no despacho de dirección con impresora láser, e un no departamento de orientación tamén con impresora láser e un scanner. Cóntase cun disco duro externo para copias de seguridade de documentos de centro.
- **Biblioteca:** na biblioteca dispoñemos de tres equipos para realización de préstamo e dunha impresora láser multifunción a cor. Cóntase tamén con 4 ebooks.
- **Sala de profesorado:** dispón de dous equipos de sobremesa e unha impresora láser monocromo.
- **Aula de informática:** está formada por 9 equipos de sobremesa. Conta tamén cunha impresora láser monocromo e un impresora láser multifunción a cor. Dispón ademais dunha pantalla de 75 pulgadas interactiva tipo touchsreem.
- **Proxectos específicos:** dispoñemos de material de robótica 13 kits de mBot froito da nosa participación nun programa de innovación educativa desa temática. Tamén dispoñemos de 13 equipos portátiles para alumnado en situación de fenda dixital.

- **Servizos Dixitais Educativos**

O noso centro só utiliza servizos corporativos para xestión en información. As publicacións realízanse a través da web do noso centro notificando, cando así o require, ás familias a través de Abalar Móbil. O profesorado é coñecedor, e na súa maioría usuario, do servizo de Abalar Pro. O alumnado e profesorado de 5º e 6º entra a diario na plataforma EDIXGAL. Ademais utilízase a plataforma Agueiro para dar servizo á nosa galería de imaxes e para crear espazos de almacenaxe para o profesorado e equipos de traballo que así o demandan. Tamén se implementan as aulas virtuais tendo diversas categorías para toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias.

No noso centro os documentos relacionados coas tecnoloxías da información e comunicación son:

- O plan TIC, dispoñible no punto 24 da [PXA do noso centro](#)
- O [Plan de continxencia](#).que recolle os horarios espello.
- Información sobre [Abalar Móbil](#).
- Información sobre [EDIXGAL](#).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	
A -Liderado	Equipo Direct.	4,1	
	Profesorado	3,4	
	Alumnado	-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,5	
	Profesorado	2,8	
	Alumnado	3,6	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4	
	Profesorado	3,1	
	Alumnado	4,3	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3	
	Profesorado	3,8	
	Alumnado	-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4	
	Profesorado	3,3	
	Alumnado	-	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,9	
	Profesorado	2,9	
	Alumnado	3,9	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8	
	Profesorado	2,4	
	Alumnado	-	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,2	
	Profesorado	3,3	
	Alumnado	4,3	

Test CDD: Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	22	81,8%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	10	11	90,9%
SUBSTITUTO	3	9	33,3%
DESPRAZADO	0	1	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79,90%	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	49,4	Explorador/A (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	84,2	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	4	12,5%
A2	8	25%
B1	12	37,5%
B2	6	18,8%
C1	1	3,1%
C2	1	3,1%
TOTAL	32	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	(C2, C3, C10, C15) No noso centro hai dispositivos e infraestruturas axeitadas para a iniciación do traballo por medio das TIC. (C7) Existen sistemas axeitados de protección de datos.	C5) Asistencia técnica lenta e pouco eficiente. (C14, C1, C10) Os espazos e a infraestrutura non facilitan a aprendizaxe coas tecnoloxías e contamos con dispositivos pero non sistema de préstamo para alumnado (Abalar)
	PERSOAL DOCENTE	(D1, D2) O equipo directivo participa e promove o uso das TIC e a reflexión sobre a necesidade de formación permanente nese campo, facilitando o intercambio de experiencias. (E1, E4, F1, F4) O profesorado en xeral amósase interesado no uso das TIC e xa se iniciou no mesmo como ferramenta de apoio no proceso de ensinanza-aprendizaxe (procura de recursos, adaptación do proceso educativo...). (PEC 2.2, UADPC, D3) O profesorado reconece a importancia da formación permanente, na que en termos xerais participa activamente.	(A1, A2, G7) En xeral existe un escaso uso das tecnoloxías no centro, tanto para o seu uso como ferramenta de traballo administrativa ou como instrumento catalizador das aprendizaxes e motivacións do alumnado. (C16, A4, FLUT) O profesorado non conta con tempo suficiente como para poder dedicar á utilización e aprendizaxe autónoma por medio das TIC. (SUT)O profesorado manifesta ter certa inseguridade no uso das TIC
	PERSOAL NON DOCENTE	As ATE colaboran no uso das TIC co alumnado con NEE. PND participa e colabora nos proxectos de centro. O PND ten, en xeral, coñecementos TIC que pon á disposición do centro.	
	ALUMNADO	(C8, C10, PEC 1.3) O alumnado ten acceso aos recursos e ferramentas que precisan para desenvolver o proceso educativo (ferramentas libres, información na web, EVAs...). (CTA, H1) O alumnado recibe información xeral sobre o uso das TIC, particularmente poñendo o foco no ámbito da seguridade. (H11) O alumnado aprende a programar ao longo da etapa da educación primaria, participando en proxectos puntuais relacionados coa tecnoloxía en infantil	(H4, H6, H7, H13) Non se traballan axeitadamente no centro determinados contidos relacionados coa competencia dixital do alumnado: (citado, procura da información e identificación da mesma...) (H3) Non se fai unha reflexión activa sobre a pegada dixital desde o eido educativo.

FAMILIAS	(PEC 3.3) O uso das ferramentas de comunicación corporativas (como abalar móbil) está moi extendida nas familias.	
OFERTA	Existen clases de informática impartidas pola ANPA, cedendo recursos e espazos do centro.	(H) Non se realizan obradoiros TIC para o alumnado.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	(C11, C15) O alumnado ten acceso ao uso de tecnoloxía do centro, e cóntase con medidas para identificar as dificultades que poden xorder no referente ao acceso aos recursos TIC por parte dos mesmos. (PEC 1.1) No centro empréganse as ferramentas dixitais corporativas e foméntase o seu uso. (FPAM) Existe unha boa comunicación no centro. (A3) O equipo directivo apoia o desenvolvemento de plans e proxectos a fin de progresar no uso das TIC.	(C12) Non contamos con estratexia dixital nin se fai partícipe ao profesorado sobre ela. (AT, SUT, FLUT) Non se organiza un programa específico de formación do profesorado no eido dixital (Xade, ofimática básica, AAVV, AbalarBox)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Aposta pola dixitalización e modernización dos centros educativos.	(C5) Asistencia técnica lenta, pouco eficiente e resolutiva, o que dificulta o axeitado mantemento e uso dos equipos. Mala organización da información nas páxinas oficiais da Consellería. En xeral, mal deseño das aplicacións, sexa por pouca usabilidade (XADE, abalar), escasas prestacións (XADE, Correo) ou deficiente usabilidade. As ferramentas son pouco intuitivas e moi inferiores a outras alternativas.
	LEXISLACIÓN	(A5) O centro respecta as leis de protección dos dereitos de autor. (C7) Existen sistemas de protección de datos axeitados no centro.	Burocracia limitante para os quefaceres docentes en xeral, o que resta tempo para realizar tarefas de innovación e aprendizaxe coas TIC. Ausencia de apoio ao desenvolvemento de aplicacións tecnolóxicas útiles e efectivas para o eido educativo. Lexislación especialmente limitante na posibilidade de uso de determinadas ferramentas.
	CONTORNA	Existencia da aula CEMIT do concello como recurso potencial.	Tardanza por parte dos servizos do Concello en atender as necesidades TIC. Escasa competencia dixital das familias. Acceso limitado por parte do alumnado a dispositivos e conexións estables nas vivendas.
	ANPA	A ANPA é especialmente colaborativa no centro.	
	OUTRAS ENTIDADES	Existen moitas entidades coas que colaborar. O centro amósase aberto a realizar ditas colaboracións.	(B3, B4) Non se realizan colaboracións externas con outras entidades no campo das tecnoloxías dixitais.

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analízouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a ideosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarias. As táboas seguintes recollen esta información:

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
OBXECTIVO 1 :	Desenvolver a estratexia dixital do centro (A1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro.					
Valor de partida	0 estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro					
Valor previsto e data	3 estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro			Final do 1º trimestre curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Reunión do equipo directivo para establecer propostas de estratexias dixitais para o centro.	Equipo directivo	Finais do mes de setembro do curso 22-23	Convocatoria Mentor ADIX Coordinador TIC Correo electrónico. Acta da sesión Orde do día: web, aulas virtuais, comunicación coas familias, co profesorado, obradoiros...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: trasladar a proposta ao claustro de maneira dixital (cuestionario AAVV ou Abalar Box)	Persoa coordinadora das TIC	Primeira semana de outubro curso 22-23	Documento que recolla as propostas de estratexias. Cuestionario aberto para recoller retroalimentación/propostas do profesorado. Correos electrónicos do claustro. Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Reunión para analizar propostas realizadas e xerar e difundir o documento definitivo.	Equipo directivo	Última semana de outubro do curso 22-23	Persoa coordinadora Tic (facilita datos do cuestionario). Mentor ADIX Documento definitivo e difusión. Correos claustro para difusión.		Realizada	

			Equipo informático.		
--	--	--	---------------------	--	--

(*A1 Estratexia dixital)

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado (H)

OBXECTIVO 2 :	Fomentar a aprendizaxe da seguridade en internet co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP e coas familias do centro. (H1*)	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de charlas realizadas co alumnado sobre seguridade na rede. Número de iniciativas realizadas coas familias		
Valor de partida	0 charlas realizadas co alumnado sobre seguridade na rede. 0 envíos de información sobre seguridade na rede para familias.		
Valor previsto e data	1 charla realizado co alumnado sobre seguridade na rede. 1 envío de información sobre seguridade na rede para familias.		Final do curso 22-23

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIO	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Elaboración dunha páxina/aula virtual con contidos de seguridade na rede.	Persoa con competencia TIC na creación de contidos.	Finais setembro curso 22-23	Materiais (ver nota ao final da táboa) Claves Aula Virtual. Xerar enlace cos contidos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Envío ás familias da información xerada no punto anterior a través de Abalar Móbil e aviso ao claustro da difusión do mesmo.	Equipo directivo	1ª semana de novembro 22-23	Enlace dos contidos de AAVV Abalar móbil Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Solicitude das charlas do plan director		Unha semana despois da publicación da	Contacto da persoa responsable das charlas do plan		Realizada	

e navega con rumbo.	Equipo directivo.	Consellería das directrices do Plan Director.	director. Calendario de implantación. Espazos para o seu desenvolvemento. Plataforma dixital para recoller os contidos e imaxes das sesións a efectos de memoria.		Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Difusión entre o claustro do calendario de charlas sobre seguridade na rede e información das datas.	Equipo directivo.	Un día despois da concesión.	Email ao claustro coas datas de execución das charlas. Correo corporativo. Equipo informático.		Realizada	

(*H1 comportamento seguro)

Recursos para acción AO2.1:

- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza/node/465>
- <http://www.edu.xunta.gal/navegaconrumbo/index.html>
- <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/35125> (páxina oficial da Consellería sobre o recurso do curso 21-22)

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 3:	Incrementar o nivel competencial do profesorado na utilización das TIC (D1* (tamén aborda A1 G7 SUT))				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado anotado nunha liña de PFPP que supera o curso.					
Valor de partida	0 % do profesorado anotado nunha liña de PFPP que supera o curso.					
Valor previsto e data	55 % do profesorado anotado nunha liña de PFPP que supera o curso.			Final do curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FI	RECURSOS NECESARIO	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓ	ESTADO	
AO3.1: Comunicación da posibilidade de solicitude de PFPP ao claustro	Equipo directivo.	Claustro inicial do curso 22-23.	Convocatoria. Correo corporativo. Orde do día: liña/s a realizar e persoa coordinadora do PFPP, información de envío de enquisa sobre preferencias no mes de setembro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Realización e análise dunha enquisa sobre posibles liñas de PFPP	Equipo TIC	Setembro curso 22-23	Conta de Abalar Box para xerar enquisa. Equipo informático. Correos corporativos do claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Contactar coa asesora do CAFI para traslado das informacions.	Persoa coordinadora do PFPP	Convocatoria PFPP curso 22-23	Documentación requirida pola Orde pertinente. Equipo directivo (cumprimentar solicitude na aplicación) Asesora do CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Deseño das horas de docencia e calendario oficial das mesmas	Persoa coordinadora do PFPP	Finais de outubro do curso 22-23	Docente do curso Calendario de implantación das formacións. Aula virtual cos contidos.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
AO3.5: Elaboración da memoria do PFPP, actas...	Persoa coordinadora do PFPP	Finais de maio curso 22-23	Equipo directivo (achegar documentación por aplicación FProfe) Asesora de CAFI		Realizada	
					Aprazada	

(*D1 Necesidades de FPC)

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
OBXECTIVO 4:	Concretar o currículo TIC para alumnado do centro dende EI ata EP. (*A1)			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo Directivo.			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de iniciativas (obradoiros) ideados para o alumnado de EI ata EP coas TIC					
Valor de partida	0 iniciativas (obradoiros) ideados para o alumnado de EI ata EP coas TIC					
Valor previsto e data	3 iniciativas (obradoiros) ideados para o alumnado de EI ata EP coas TIC		Primeiro trimestre do curso 22-23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLE	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTAD	
AO4.1: Reunión do equipo directivo para establecer propostas de iniciativas de currículo TIC para alumando.	Equipo directivo	Finais do primeiro trimestre do curso 22-23	Convocatoria Correo electrónico. Acta da sesión Orde do día: partes dun PC, tipos de equipamento dixital, manexo do rato, xestión de arquivos, aulas virtuais, cambiar formatos de documentos, comprimir arquivos, ofimática básica (crear documentos, gardar, extensións...), enviar arquivos etc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A40.2: trasladar a proposta ao claustro de maneira dixital (cuestionario AAVV ou Abalar Box)	Persoa coordinadora das TIC	Finais do primeiro trimestre curso 22-23	Documento que recolla as propostas de currículo TIC. Cuestionario aberto para recoller retroalimentación/propostas do profesorado, debe conter campo campo de "persoa interesada en dar obradoiro/s nome e apelidos". Correos corporativos do claustro. Equipo informático.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A40.3: Reunión para analizar propostas realizadas e xerar e difundir o documento definitivo.	Equipo directivo	Última semana de outubro do curso 22-23	Persoa coordinadora Tic (facilita datos do cuestionario). Documento definitivo con iniciativas TIC para alumnado e difusión do mesmo. Correos claustro para difusión Equipo informático.	Realizada	
				Aprazada	

(*A1 Estratexia dixital)

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamentos (C)						
OBXECTIVO 5:	Poñer en marcha un sistema de impresión sinxelo e práctico. (A4*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de sistemas de impresión dispoñibles.					
Valor de partida	2 servizos de sistemas de impresión dispoñibles.					
Valor previsto e data	3 servizos de impresión está dispoñible			1º trimestre curso 2022-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIO	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Creación dun correo corporativo para a impresión	Coordinador TIC	2º semana de setembro 2022	Directora do centro. Correo corporativo. Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Establecemento dunha zona de traballo coa impresora e o ordenador	Equipo directivo	2º semana de setembro 2022	Coordinador TIC Ordenador, impresora, drivers, cable de conexión, correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3. Creación dun protocolo de funcionamento e comunicación ao claustro	Equipo directivo	3º semana de setembro 2022	Equipo TIC Sistema de comunicación do centro, correo corporativo, ordenador.		Realizada	

(*A4 É hora de explorar o ensino dixital)

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamentos (C)						
OBXECTIVO 6:	Crear un espazo maker no centro (C1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e Equipo TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de aulas maker creadas					
Valor de partida	0 aulas maker creadas					
Valor previsto e data	1 aula maker creada.			1º trimestre curso 2022-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLE	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Creación do listado de material e equipamento necesario	Equipo TIC	2º semana de setembro 2022	Estudo dos recursos necesarios. Análise do material existente do centro. Reflexión sobre a necesidade de priorizar elementos e equipamento en caso de non ter fondos suficientes como para finalizar a aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Asignación de fondos ao proxecto	Equipo directivo	2º semana de setembro 2022	Estado de contas do centro. Creación dun fondo de inversión para o proxecto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO6.3:Toma de decisións	Equipo directivo e equipo TIC	3º semana de setembro 2022	Análise das accións e temporalización. Plano da aula finalizada Selección do equipamento. Solicitud por e-mail e chamada telefónica ao concello para a instalación do material e adecuación do espazo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.4: Adquisición de material	Equipo directivo e equipo TIC	3º semana de setembro 2022	Estudo de ofertas. Orde de compra.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.5:Instalación e preparación do espazo	Equipo TIC Concello	4º semana de setembro 2022	Comunicación por e-mail ao Claustro do inicio do traballo. Ferramentas necesarias para a instalación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*C1 infraestrutura)

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
OBXECTIVO 7:	Establecer un protocolo e modelos da documentación de xestión e organización do centro (A1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de modelos e sistemas de organización e xestión creados.					
Valor de partida	0 modelos creados para a unificación da documentación.					
Valor previsto e data	3 modelos creados para a unificación da documentación			1º trimestre curso 2022-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Brainstorming do formato e forma dos modelos estándar para a documentación do centro.	Equipo directivo	1º quincena de setembro	Equipo TIC Ferramenta ofimática, documentos de centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Creación e deseño dos modelos para a documentación do centro e divulgación dos mesmos.	Equipo directivo	1º quincena de setembro	Equipo TIC Ferramenta de ofimática, correo corporativo, documentos do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3. Creación de modelos estándar de comunicación para determinadas situacións (solicitudes, benvidas ao centro...)	Equipo directivo	2º quincena de setembro	Equipo TIC Servidor web, ferramentas de ofimática, correo corporativo, documentación do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*A1 Estratexia dixital)

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipamentos (C)							
OBXECTIVO 8:	Solicitar un espazo físico para o centro educativo dotado de equipamento especializado para fomentar a creatividade do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial. (C1*)				Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo.				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de espazos creados coa intencionalidade do obxectivo.						
Valor de partida	0 espazos creados coa intencionalidade do obxectivo.						
Valor previsto e data	1 espazo creado coa intencionalidade do obxectivo.				Última semana do mes de novembro do curso 22-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A08.1: Estudar as características, implicacións e tempos para elaborar a solicitude do Polos Creativos.	Equipo Directivo	09-05-2022	Equipo TIC Cronograma das reunións.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A08.2: informar ao claustro da posibilidade da solicitude	Equipo directivo	11-05-22	Equipo TIC (informa detalladamente do proceso) Orde do día (profesorado interesado) Acta coa recollida da información.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A08.3: Redactar a solicitude para a inclusión nos Polos creativos	Equipo Directivo	18-05-22	Equipo informático.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A08.4: Levar a Consello Escolar o proxecto para a súa aprobación.	Equipo directivo	20-05-22	Equipo informático Orde do día. Acta da sesión (asistentes, votos a favor, en contra, nulos...)			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

AO8.5: Facer a solicitude a través da aplicación.	Equipo directivo	20-05-22	Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*C1 infraestrutura)

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación deixamos constancia as necesidades de equipamnto qu serían precisas para o mellor desenvolvemento das labores de ensino-aprendizaxe do noso centro educativo:

- **Infraestrutura dixital**
 - É preciso un sistema de almacenamento vencellado á rede (NAS) para o respaldo da información do noso centro. Os equipos directivos almacenan documentación sensible que, a día de hoxe, se garda en discos externos. Un sistema como o que se formula ou baseado no almacenamento na nube facilitaría moito as tarefas de xestión.
- **Equipamentos:** precisaríanse melloras no seguinte sentido:
 - **Aulas dixitalizadas:** actualización das PDI das aulas. Finalidade e motivo: As PDI das aulas son antigas, están dando erros con certa constancia e tenden a descalibrarse cada pouco tempo, o que reduce o tempo de dedicación á docencia e incrementa os tempos necesarios para o mantemento. Ademais, moitas delas dan problemas cos drivers para os distintos equipos e precisan seguir un protocolo costoso para poder descargar novas versións, con sistemas de dobre e triple verificación de compra por parte do fabricante para poder dar o software de uso. Adquisición de novos kits de altosfalantes. Finalidade: dotar á totalidade das aulas de equipamento básicos para o uso en actividades de corte audiovisual.
 - **Postos de traballo de xestión e administración do centro:** sería necesaria unha renovación dos equipos de dirección. Estamos á espera dos equipamentos do plan de postos avanzados que poderían resolver estas necesidades.
 - **Biblioteca:** adquisición de novos equipos para a biblioteca, coa finalidade de poder dinamizar o seu uso como centro de recursos e procura de información e permitir ao alumnado un espazo de uso das TIC en conxunción co espazo da biblioteca escolar, integrándoas así nun espazo de traballo.
 - **Sala de profesorado:** Sería precisos outros 3 equipos. Finalidade: dotar dos servizos mínimos para labores de pescuda de información, preparación de actividades educativas e xestión do profesorado do noso centro.
 - **Aula de informática:** adquisición de novos equipos informáticos (un mínimo de 12) para a aula de informática e renovación da mesma (instalación de regletas, novos equipos, ampliación da aula...) Finalidade: ter unha aula de informática plenamente dotada, usable por todo o centro como espazo de dinamización das TIC, e o suficientemente ampla como para empregarse para a impartición das sesións de robótica educativa
- **Servizos Dixitais Educativos**
 - Desenvolvemento dunha aplicación propia para a xestión de comunicacións internas áxiles e compartición de documentos (algo similar a Telegram ou Whatsapp, coa posibilidade de ter listas de difusión/anuncios) para docentes.

- Finalidade: facilitar a coordinación, compartición de documentos, comunicación e xestión xeral do centro.
- Desenvolvemento dunha aplicación opcional de xestión de notas/caderno docente, coa posibilidade de incluír nel rúbricas, notas, actitudes, comportamento... que sexa rápida, sinxela de usar e funcional (algo similar a additio ou idoceo). Finalidade: facilitar a xestión e recollida de notas, anotacións, etc. docentes, quedando recollidas nun espazo na nube oficial da consellería.

Mellora na xestión de incidencias da UAC. Motivo e finalidade: os procesos de xestión das incidencias informáticas da UAC son lentos, requiren de moita implicación por parte do profesorado (que non ten por que ter un perfil técnico) e consumen moito tempo que deixa de adicarse á docencia. A xestión e rexistro de incidencias require un proceso telefónico ou por correo unha a unha. Precisaríase algunha aplicación ou forma de axilizar o proceso, e unha mellor resposta por parte da UAC para a xestión destas incidencias que non implique a intervención activa na súa resolución do profesorado do centro (por exemplo: realizar tarefas de mantemento en coordinación do encargado das TIC unha vez a semana ou unha vez cada dúas semanas, para arranxar as incidencias rexistradas).

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.